



FICHA RESUMO

Ano	2011	PE 410A 2011/11-1
Entidade	CONFRARIA DE PORTO DO SON	
Plan explotación⁽¹⁾	POLIQUETOS	
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO	
Modalidade⁽³⁾	A PÉ	

Especies	<i>Lumbrineris impatiens</i> , <i>Arenicola marina</i> , <i>Hediste diversicolor</i> , <i>Diopatra neapolitana</i>
Ambito do plan	Entre punta Cabeiro e río Sieira.
Subzonas de explotación	Zona A: de punta Cabeiro a punta Sagrada Zona B: de punta Sagrada a punta Magrío Zona C: de punta Castro a Porcalleira Zona D: de Porcalleira a río Sieira

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
6	-	-
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		NON
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación											
Días máximos de extracción						98					
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾: de abril ao 31 de outubro											
Modalidade⁽³⁾: a pé											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
			X	X	X	X	X	X	X		

Topes de captura ⁽⁶⁾			
Especies	A pé (indiv/mariscadora/día)	Embarcación	Tripulante/ habilitación
<i>Lumbrineris impatiens</i>	800 (en total)	-	-
<i>Arenicola marina</i>		-	-
<i>Hediste diversicolor</i>		-	-
<i>Diopatra neapolitana</i>		-	-

Artes a empregar	A man, sacho, pá ou forquita
-------------------------	------------------------------

Puntos de control	Praia de Cabeiro, Peirao de Porto do Son, Praia Arnela, Praia de Arealonga, Porcalleira e Río Sieira.
Puntos de venda	Puntos de venda autorizados



Outras consideracións

Participantes: Inclúe o listado dos 6 mariscadores asociados á confraría de Porto do Son autorizados para a extracción deste recurso na modalidade de a pé.

Días máximos de extracción: Dado que este plan se empezou a desenvolver no mes de outubro do ano 2010, non se dispón de información suficiente sobre a posible evolución das zonas de extracción nin das poboacións a explotar de cara a valorar o esforzo que se podería aplicar sobre estes recursos, o que nos obriga a ser cautelosos á hora de propor o esforzo pesqueiro. Por isto, non se acepta a proposta de días máximos de extracción deste plan, considerando necesaria a súa limitación a un máximo de 98 días ao ano.

Xestión da explotación: No plan presentado divídese o ámbito territorial da confraría en catro zonas de extracción, aínda que non determina se serán explotadas de xeito rotativo ou simultaneamente. Recoméndase iniciar esta explotación mediante a rotación de zonas, doada de levar a cabo dado o baixo número de participantes e a amplitude das zonas de extracción propostas.

Puntos de control: Establécense varios puntos de control, segundo a zona de extracción, aínda que só estará operativo un cada día. A persoa responsable do control será o secretario da agrupación de recursos específicos que se encargará de verificar o cumprimento dos topes de captura. O exceso de captura será inmediatamente devolto ao mar. O paso polos puntos de control é obrigatorio para todos os participantes do plan.

Comercialización: A normativa sanitaria non permite a comercialización nas lonxas de produtos que non sexan susceptibles de consumo humano, polo que non se pode realizar a venda de poliquetos na instalación da lonxa de Porto do Son. Recoméndase a venda directa como mellor xeito de comercialización deste produto.

Remisión de datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, polo que deberán remitir regularmente a información necesaria para o seguimento da explotación ao Departamento Territorial da Consellería do Mar de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.